



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 28 DE XANEIRO DO 2021.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D. Víctor Reiriz Lampón D^a Elvira Pereira Ageitos</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	---

Reúnense de forma telemática ao amparo do artigo 46.3 da Lei de Bases de Rexime Local, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e oito de xaneiro do dous mil vinte e un, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- CONTRATACIÓN.

1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO "RENTING" DUN VEHÍCULO EQUIPADO PARA A POLICÍA LOCAL.

Expediente: 2020/C_SU000001

Visto o expediente que se tramita para contratar a **Subministración mediante arrendamento con mantemento "renting" dun vehículo equipado para a policía local**, cun orzamento total de 124.872,00 euros (orzamento base: 103.200,00 euros; IVE (21%): 21.672,00 euros). Valor estimado do contrato 103.200,00 euros.





Constan no expediente os seguintes documentos:

1) Xustificación da necesidade e proposta do inicio do expediente de contratación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación avaliábeis de forma automática, asinada polo inspector xefe accidental da policía local, José Manuel Bretal Laranga, na data 29/10/2020 e conformada polo alcaldesa en funcións María José Sampedro Fernández.

2) Informe xustificativo da non división en lotes do contrato asinado polo inspector xefe accidental da policía local, José Manuel Bretal Laranga, na data 30/10/2020.

3) Informe emitido polo interventor municipal Pablo Bao Castro, na data 02/11/2020, no que se indica que non procede a emisión dun certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente polo valor estimado do contrato para o ano 2020 e deberá incluírse nos vindeiros orzamentos dos anos 2021 a 2024 (os afectados pola vixencia do contrato) o crédito necesario para sufragar os gastos derivados deste expediente.

4) Prego de prescricións técnicas redactado polo inspector xefe accidental da policía local, José Manuel Bretal Laranga, na data 16/11/2020.

5) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación avaliábeis de forma automática, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 16/11/2020.

6) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 16/11/2020, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

7) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 16/11/2020, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

8) Certificado do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 19/11/2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, a tramitación anticipada do gasto e se dispón a apertura do expediente de adxudicación.

9) Informe asinado na data 03/12/2020 polo inspector xefe accidental da policía local, José Manuel Bretal Laranga, no que se solicita a corrección de erros do Prego de prescricións técnicas.

10) Decreto da alcaldía número 202012/289 de data 22/12/2020, no que se resolve retrotraer as actuacións á fase anterior da aprobación do expediente e dos Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e no que se deixa sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 19/11/2020, citado no antecedente 8.

11) Prego de prescricións técnicas redactado polo inspector xefe accidental da policía local, José Manuel Bretal Laranga, na data 20/01/2021, no que se corrixen os erros apreciados

12) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación avaliábeis de forma automática, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 22/01/2021.

13) Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 25/01/2021 (número de operación 2021 22000354), de retención de créditos con cargo á





aplicación orzamentaria 132 20400.

14) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 26/01/2021, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

15) Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 16/11/2020, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, tal e como establecen os artigos 16 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 e 124 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a “Subministración mediante arrendamento con mantemento “renting” dun vehículo equipado para a policía local”, co seguinte orzamento:

ORZAMENTO SUBMINISTRACIÓN 48 MESES:

Orzamento base: 103.200,00 euros.

IVE (21%): 21.672,00 euros.

Total: 124.872,00 euros.

CUOTA MENSUAL:

Base: 2.150,00 euros.

IVE (21%): 451,50 euros.

Total: 2.601,50 euros.

Valor estimado do contrato 103.200,00 euros.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas redactado inspector xefe accidental da policía local, José Manuel Bretal Laranga, na data 20/01/2021.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación avaliados de forma automática, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 22/01/2021.

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 132 20400

QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación.

SEXTO.- Conforme establece a cláusula 11 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).

SÉTIMO - Conforme establece a cláusula 14 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a presente licitación ten carácter electrónico. Con carácter exclusivo e excluínte presentaranse as ofertas no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), dirección electrónica: https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/.





OITAVO.- Segundo establece a epígrafe H do Anexo 1 do Prego de cláusulas administrativas particulares a Mesa de Contratación estará composta de conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello na súa su sesión ordinaria de data 25/06/2018.

NOVENO.- Dar conta da presente resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

2.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA ERRONEAMENTE POLA EMPRESA “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DA “REORDENACIÓN DO PASEO DAS CAROLINAS E DO PARQUE GARCÍA BAYÓN (RIBEIRA)”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “REORDENACIÓN DO PASEO DAS CAROLINAS E DO PARQUE GARCÍA BAYÓN (RIBEIRA)”.

Para a realización das obras asinouse, na data 22/04/2019, un convenio entre a Entidade Pública Portos de Galicia e o Concello de Ribeira no que se acorda:

- Que o financiamento e a adxudicación das obras corresponde a Portos de Galicia.
- Que o Concello de Ribeira licitará e dirixirá as obras contempladas no convenio.

A adxudicación realizouna a presidencia da Entidade Pública Portos de Galicia na data 18/05/2020, a favor da empresa “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” (NIF: B15293145), e o correspondente contrato asinouse na data 09/06/2020.

A Entidade Pública Portos de Galicia, na data 11/05/2020, requiriu á empresa adxudicataria, para que presente o xustificante orixinal de ter depositado na Caixa Xeral de Depósitos ou en calquera das súas delegacións a garantía definitiva correspondente a favor de esta Entidade. Segundo o contrato asinado, de data 09/06/2020, a empresa “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” (NIF: B15293145) constituíu, a favor da Entidade Pública Portos de Galicia, unha fianza definitiva por un importe de 18.257,60 euros na Caixa Xeral de Depósitos, a través da Delegación da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, en A Coruña.

Así mesmo, para responder da boa execución do contrato a empresa depositou, anteriormente e de forma errónea, ante o Concello de Ribeira, unha garantía de 18.257,60 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 28/01/2020, xustificativa de constitución de aval do Banco Sabadell para responder das condicións do contrato.

Tendo en conta os antecedentes expostos anteriormente.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL que, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopte o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 18.257,60 euros constituída, de forma errónea, por “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” (NIF: B15293145) para responder da execución do contrato da REORDENACIÓN DO PASEO DAS CAROLINAS E DO PARQUE GARCÍA BAYÓN (RIBEIRA)





III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 22/01/2021 **“Decreto: Clasificación das ofertas e requirimento de documentación para a adxudicación do contrato do “Complementario do proxecto de renovación da liña de saneamento e reposición dos pavimentos da Rúa Delicias e da Rúa das Dunas (Corrubedo)””**.

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

1.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE DÚAS CARPAS – LUIS JESÚS IGLESIAS FERNÁNDEZ.

Visto o escrito presentado por **Luis Jesús Iglesias Fernández**, de data 10/12/2020 (Rexistro de entrada nº 16.850), no que solicita autorización para a instalación de dúas carpas (3 x 3 m.), os días 10, 11, 12 e 13/03/2021, na explanada do esablecemento “Gadis” de Ribeira, en horario de 10:00 a 19:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Luis Jesús Iglesias Fernández** para a instalación dúas carpas (3 x 3 m.), os días 10, 11, 12 e 13/03/2021, na explanada do esablecemento “Gadis” de Ribeira, en horario de 10:00 a 19:00 h.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Deberá **poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta** dos citados postos de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A CAMBIOS DE TITULARIDADE, ENMENDAS DE ERROS, E BAIXAS DE OCUPACIÓN POLAS QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES.

FINALIDADE DA LICENZA DE VENDA AMBULANTE: Ocupación temporal no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 9.1 Sistema Xeral Portuario.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as coa respectiva documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da





Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017, para exercer a venda ambulante nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **URBANO CON ORDENANZA 9.1 SISTEMA XERAL PORTUARIO.**

ORDENANZA 9.1.- Desenvolvemento

La ordenanza correspondiente debe ajustarse a lo indicado en la Ley 27/1992, es decir, que debe establecer que el sistema general portuario se desenvuelve mediante un Plan Especial o instrumento equivalente, a formular por la Administración Portuaria, y que se instrumentará en la forma establecida en la citada Ley de Puertos. Asimismo, debe establecer que los usos, actividades, instalaciones, construcciones, etc. permitidas en las instalaciones portuarias serán acordes con usos portuarios y con fines propios de la Administración Portuaria.

ORDENANZA TRANSITORIA 9.2.-

En ausencia de los correspondientes planes especiales que desarrollan el sistema general portuario, y hasta tanto no se redacten y entren en vigor, se estima conveniente el que se introduzca en el Plan Xeral, una normativa transitoria que se entienda, debe tener un carácter muy general, dada la peculiaridad de los puertos como soporte de un conjunto de actividades comerciales, industriales, de ocio y recreo, etc., en un proceso de permanente evolución como consecuencia de estar sometidas a una serie de complejos factores exteriores, la mayoría coyunturales, que por su dificultad, y en algunos casos, imposibilidad de predicción, exigen una normativa con la suficiente flexibilidad para permitir una rápida adaptación a las circunstancias de cada momento.

De esta forma también se evitará que determinadas obras en los Puertos puedan sufrir considerables retrasos e incluso paralizaciones, lo cual afectaría gravemente a la operatividad y desarrollo de los mismos, perjudicando notablemente su actividad, con los consiguientes perjuicios para los usuarios y, en general, para todo el Ayuntamiento, por la especial repercusión de la actividad portuaria en su economía.

Por lo tanto, el contenido de esta normativa será el siguiente:

Gestión y tutela de las zonas de servicio (sistema general portuario): cualquier actuación en su suelo, de carácter urbano, portuario, deberá contar con la previa concesión o autorización, según sea el caso, de los Organismos Portuarios competentes.

Usos permitidos: los indicados en la vigente Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante.

Usos prohibidos: los también indicados en la vigente Ley anterior.

Alturas: la altura máxima de las edificaciones (de coronación) será de 12 metros exceptuándose de esta delimitación aquellas instalaciones singulares destinadas al servicio del puerto, tales como depósitos, silos, frío, torretas de alumbrado y balizamiento, etc.

Normas estéticas: las edificaciones deberán integrarse estéticamente en el conjunto del puerto, sin provocar roturas con el contorno, por diseño, color, remates, etc., debiéndose cumplir la normativa dictada por la Dirección General del Patrimonio de la Xunta de Galicia en la zona donde sea de aplicación.





SEGUNDO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

TERCEIRO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente constan as solicitudes presentadas polos interesados coa documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

CUARTO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, esixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consígnase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.





Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

QUINTO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

SEXTO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

SÉTIMO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- Orzamento de execución material.
- Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- Nome ou razón social da persoa promotora.
- Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.





i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

OITAVO.- Real Decreto 199/2010 de 26 de febreiro polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou no sedentaria.

NOVENO.- Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia en relación co Decreto 144/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único da regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

DÉCIMO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

DÉCIMO SEGUNDO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as coa documentación esixida no Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Concello de Ribeira na data 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P. na data 22 de xullo de 2016, para exercer a venda ambulante nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 26/01/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A APROBACIÓN DA SEGUINTE RELACIÓN DE SOLICITUDES ÁS QUE SE LLE CONCEDE CAMBIOS DE TITULARIDADE, ENMENDAS DE ERROS E BAIAS DE OCUPACIÓN POLAS QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES (EXERCICIO 2021 – 1ºT) nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello de Ribeira.

Cambio (baixa) a efecto o primeiro trimestre do exercicio 2021

Manuela Vila Hermo con D.N.I. 52.458.806 S, titular do posto 83 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 1 mts, solicita o día 30/11/2020 con rexistro de entrada 16346, a baixa do seu posto.





083	VILA HERMO MANUELA	52458806S	1	ALIMENTACION
-----	--------------------	-----------	---	--------------

Cambio de titularidade a efecto o primeiro trimestre do exercicio 2021

Abdellah Laraich Tazani con D.N.I. 46.091.145 L , titular do posto 133 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 4 mts, solicita o dia 16/11/2020 con rexistro de entrada 15359, o cambio de titularidade a favor de Mina Hmimou con D.N.I. X 4.735.158 X

133	MINA HMIMOU	X4735158X	4	CALZADO – CONFECCION
-----	-------------	-----------	---	----------------------

Esther López Martinez con D.N.I. 35.433.659 C , titular do posto 244-245 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 12 mts, solicita o dia 07/01/2021 con rexistro de entrada 176, o cambio de titularidade a favor de Maria Eugenia Lorenzo López con D.N.I. 76.864.462 A

244-245	LORENZO LOPEZ MARIA EUGENIA	76864462A	12	CALZADO - CONFECCION
---------	-----------------------------	-----------	----	----------------------

Emenda de erro.

O 15 de outubro do 2020, aprobouse na Xunta de goberno local, o cambio de titular do posto 170, a favor de Micaela Dos Santos Concepción, con D.N.I. 52.458.500 P, en dita relación reflexaba que a actividade que desenvolvía era de calzado – confección, cando lle corresponde “resto de actividade”. Así mesmo a producirse dito cambio de actividade renuncia o seu antigo posto denominado “Barrera 1 semaforo”.

170	DOS SANTOS CONCEPCION MICAELA	52458500P	6	RESTO ACTIVIDADE
-----	-------------------------------	-----------	---	------------------

SEGUNDO.- A autorización municipal constitúe o título habilitante para o exercicio 2021, e ampara así a venda ambulante que se ven realizando dende o 1 de xaneiro do exercicio 2017 no mercado periódico que se ven celebrando os sábados na zona Portuaria do Concello ata o 31 de decembro de 2021.

A renovación da autorización realizarase no 1º trimestre natural cada ano. O concello de Ribeira poderá comprobar o estado das condicións que motivaron a adxudicación en calquera momento da vixencia da mesma. Cada ano renovarase o carné de vendedor ambulante, entre o 20 de xaneiro e o 20 de febreiro, esixindo en cada caso a documentación oportuna. **Anualmente terán que acreditar estar de alta na seguridade social, ter subscrito o seguro de responsabilidade civil, non ter débedas pendentes e aboar as taxas municipais correspondentes.**

TERCEIRO.- Durante a execución da venda ambulante non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

CUARTO.- Durante a execución da venda ambulante adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe na actividade o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da actividade autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da actividade aprecianse desviacións na execución da





actividade respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da actividade, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

SÉTIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Manuel Ángel Romano Souto**, de data 20/01/2020 (Rexistro de entrada nº 802), no que solicita certificación de non ter expediente de reposición de legalidade urbanística sobre a vivenda situada en A Cerca, 62 - Aguiño (Ref. catastral: 8386103MH988N00011W).

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 27/01/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias





municipais pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á vivenda sita no lugar de A Cerca, nº 62, Aguiño, Ribeira con refª catastral nº 8386103MH988N00011W.

2.- Visto o escrito presentado por **Pablo Vidal González**, de data 28/12/2020 (Rexistro de entrada nº 17.632), no que solicita información urbanística de parcela situada en Avenida da Coruña (Ribeira).

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto, Manuel Sabín Sabín, de data 21/01/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

De acuerdo con el PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que se señala una finca de referencia catastral 1432131NH0113S0001MF en el plano adjunto de la Av. La Coruña que está clasificada como **SUELO URBANO RESIDENCIAL EXTENSIVO UNIFAMILIAR AISLADO Tipo A**, con las siguientes determinaciones:

Artículo 157: Ordenanza 6.3 - Residencial extensiva unifamiliar aislada.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.

1.3. Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.

2. Parámetros de la edificación





2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: Tipo A: 500 m².

Frente mínimo: 12 metros.

Condiciones de forma: La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: Tipo A: 30%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad máxima: Tipo A: 0,8 m²/m²

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

Altura de la edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.

Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una sola planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.





Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a M^a TERESA CASTRO PIÑEIRO, POR DANOS EN INMOBLE SITO NO NÚMERO 2 DA RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO, COMO CONSECUENCIA DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DA CITADA RÚA. EXPEDIENTE RP/12/2019.

RESP0000010

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a M^a Teresa Castro Piñeiro**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

PRIMEIRO.- M^a Teresa Castro Piñeiro, con DNI número 76.506.471-F, é propietaria dunha vivenda sita no número 2 da Rúa Álvaro Cunqueiro, da parroquia de Ribeira.

Na referida rúa, entre os meses de maio e decembro do ano 2018, procedeuse por parte do Concello de Ribeira, a través da empresa "*Construcións Fermin Simal, S.L.*", á execución das obras de renovación de servizos e pavimentación.

SEGUNDO.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 30/07/2019 co número 10.840, M^a Teresa Castro Piñeiro promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira, polos danos ocasionados á súa vivenda por mor da realización das obras municipais antes referidas, provocados como consecuencia das vibracións da





maquinaria empregada nas mencionadas obras de renovación de servizos e pavimentación da rúa Álvaro Cunqueiro, danos que cuantifica na contía total de 8.248,81 euros, mais os xuros legais que correspondan.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple do DNI da reclamante; copia da escritura de declaración de obra nova; certificado de defunción, certificado de últimas vontades e testamento de D. Manuel Francisco Vidal Lampón; copia de certificado de empadramento da Sra. Castro Piñeiro; copia do recibo de contribución da vivenda sita no número 2 da rúa Álvaro Cunqueiro; informe pericial emitido por D. Jesús Ángel Patiño Romarís; e fotografías das obras realizadas na rúa e dos danos sufridos polo inmovible de referencia.

TERCEIRO.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe do perito D. Jesús A. Patiño Romarís, rexistrado de entrada na data 04/02/2020 co número 1.535.
- Informe da entidade “*Construcións Fermín Simal S.L.*”, rexistrado de entrada na data 21/01/2020 co número 1.241.
- Informe emitido na data 04/11/2020 pola enxeñeira municipal.

CUARTO.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, no que consta a presentación de alegacións por parte de D^a M^a Teresa Castro Piñeiro, realizadas mediante escrito rexistrado de entrada na data 30/11/2020 co número 1.6221, e no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.



FIRMANTE - FECHA





De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía de Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, a reclamación fórmulase en tempo e forma, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do suceso que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, M^ª Teresa Castro Piñeiro ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento por ser a titular da vivenda danada, tal e como resulta da documentación que consta no expediente.

Independentemente do *quantum* que, chegado o caso, proceda recoñecer, resulta demostrado o dano que motiva a reclamación tal e como se desprende do informe pericial que figura no expediente.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é a execución das obras de renovación de servizos e pavimentación da rúa Álvaro Cunqueiro, na parroquia e municipio de Ribeira.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, **consta acreditada a relación causal de parte dos danos na vivenda propiedade da reclamante coa execución da obras**



FIRMANTE - FECHA





municipais de renovación de servizos e pavimentación da rúa Álvaro Cunqueiro, xa que, a pesar do referido pola entidade “*Construcións Fermín Simal, S.L.*” no seu informe rexistrado de entrada na data 29/01/2020 que afirma non ter constancia de que se tivesen realizado ningún tipo de danos debidos á execución das obras, o informe emitido pola enxeñeira municipal na data 04/11/2020 é bastante significativo do sucedido no inmovible sito do número 2 da rúa Álvaro Cunqueiro por mor da realización das obras municipais: “*La empresa Construcións Fermín Simal S.L. ejecutó para el Concello de Ribeira, entre mayo y diciembre del año 2018, las obras de RENOVACIÓN DE SERVICIOS Y PAVIMENTACIÓN DE LA CALLE ÁLVARO CUNQUEIRO (RIBEIRA). En primer lugar indicar que la maquinaria que se utilizó es la adecuada y la habitualmente empleada en este tipo de obras. La demolición del pavimento de hormigón existente en la calle se realizó con una retroexcavadora con martillo picador y la retirada del material resultante de la demolición y la ejecución de las zanjas donde se instalaron los diferentes servicios municipales se efectuó con una retroexcavadora con cazo. En todas las obras municipales que contemplan la demolición de pavimentos o la ejecución de zanjas se utilizan retroexcavadoras, provistas de martillo picador o de cazo según corresponda, al ser la maquinaria más apropiada para estos trabajos. Durante el transcurso de la obra mencionada, al ejecutar la zanja a la altura de la vivienda situada en el número 2, se comprobó que el muro de cierre de la propiedad era muy antiguo, de ladrillo (que no es la tipología más adecuada para un muro de contención), sin ningún tipo de impermeabilización y sin cimentación en la profundidad excavada. Se visitó la obra en compañía de María Teresa Castro Piñeiro y, a la vista de esta situación, se decidió reforzar el muro ejecutando por su cara exterior en toda su longitud una zapata de hormigón armado. En las fotografías aportadas por el perito Jesús Ángel Patiño Romarís, se puede apreciar el estado del muro de ladrillo existente al inicio de las obras, la falta de lámina impermeabilizante de ningún tipo y el encofrado que se utilizó para el hormigonado de la zapata de refuerzo, que se construyó para evitar que se produjeran daños mayores sobre esta estructura tan deteriorada. Finalizada la obra, el 6 de marzo de 2019, la técnico que suscribe el presente informe realizó una visita al interior del inmueble y se acordó con su propietaria el arreglo de los siguientes desperfectos, en 3 puntos concretos que pudieran deberse a la ejecución de la obra: 1. Grieta y desconchamiento en lateral de escalera. 2. Grieta y desconchamiento en cierre perimetral. 3. Entrada de agua por cubierta. A este respecto se dio traslado al contratista Construcións Fermil Simal S.L., para que realizase estas reparaciones. La valoración de los mismos asciende a 1.234,20 euros (IVA incluido) según el informe pericial aportado por la reclamante, que se estima correcta en lo que se refiere a estos daños. Sobre los daños en los alicatados de la vivienda, se desconoce su antigüedad y su origen, siendo poco probable que fuesen derivados de la ejecución de la obra municipal debido a que las dependencias afectadas están alejadas de la calle en la que se actuó.*”

Acreditada a existencia dunha relación de causalidade entre algúns dos danos sufridos no inmovible propiedade da reclamante e o funcionamento da actividade pública correspondente á execución da obra municipal de renovación de servizos e pavimentación da rúa Álvaro Cunqueiro, **cómpre facer fincapé na lexitimación do Concello de Ribeira contra o que se presenta a reclamación polos danos referidos, ao ser unha obra municipal da que resultou adxudicataria a entidade “*Construcións Fermín Simal, S.L.*”**

Segundo dispón o artigo 196 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.





Desta obriga excepcionanse os supostos nos que os danos sexan consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración ou deriven de vicios do proxecto elaborado por ela mesma, circunstancias estas que, á vista do expediente, non concorren no presente suposto.

Continúa dicindo o artigo 196 do citado texto legal que os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición das accións. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

En iguais termos, se expresa a cláusula número 25 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que se une ao contrato administrativo para a execución das obras do proxecto *“Renovación de servizos e pavimentación da rúa Álvaro Cunqueiro (Ribeira)”*, asinado na data 24/04/2018 entre o Concello de Ribeira e a entidade *“Construccións Fermín Simal, S.L.”*

En base ao referido, e sobre todo ao artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración ten o deber ineludible de pronunciarse sobre o responsable do dano.

A este respecto, e, como xa ten manifestado o órgano consultivo autonómico, serán dúas as canles ás que a Administración poderá recorrer para cumprir co seu deber de pronunciamento.

Unha primeira posibilidade é a da declaración terminante da responsabilidade do concesionario, declaración recollida nun acto administrativo e acompañada polo tanto do manto de protección que cobre a aqueles, así como posibilitando os mecanismos de impugnación oportunos para desvirtuar a súa eficacia. Esta vía esixe, non obstante, unha tramitación axeitada e, en particular, a debida audiencia do contratista, que se converte neste procedemento nun interesado de primeira orde ao serlle imputado o dano que motiva a reclamación.

Unha segunda alternativa, que se pode seguir á hora de resolver este tipo de reclamacións, é entender que en réxime de responsabilidade obxectiva e directa será a Administración quen, de se dar os supostos de responsabilidade, deberá indemnizar ao lesionado, con independencia de que se, á vista do procedemento contradictorio tramitado, resultara ser o contratista ou concesionario o responsable, poida a Administración repetir contra ese posteriormente, coas pertinentes garantías e despois da tramitación dun incidente contradictorio, xa sen intervención do prexudicado.

No presente caso, na tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial iniciado a instancia de D^a M^a Teresa Castro Piñeiro, deuse audiencia á entidade contratista “CONSTRUCCIONES FERMÍN SIMAL S.L.”, mediante escrito de trámite de audiencia rexistrado de saída na data 09/11/2020 co número 5.587 e notificado na data 12/11/2020, quen puido realizar as alegacións que tivo oportunas, polo que se entende que é perfectamente factible a posibilidade de seguir a primeira vía para a solución da controversia, sendo por tanto que procede declarar a responsabilidade da entidade contratista, por desprenderse esta do atuado no expediente, de xeito que será aquela quen deberá asumir a indemnización do dano causado.





Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a M^a Teresa Castro Piñeiro, polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, e recoñecerlle o dereito a unha indemnización de 1.234,20 euros.

Declarar a falta de lexitimación pasiva do Concello de Ribeira para atender o pago da indemnización, e responsable da mesma á entidade contratista das obras de renovación de servizos e pavimentación da rúa Álvaro Cunqueiro "CONSTRUCCIONES FERMIN SIMAL S.L.", de conformidade co exposto nos parágrafos precedentes, como responsable da execución do citado contrato e en virtude da cláusula 25 do prego de cláusulas administrativas particulares do contrato administrativo e do artigo 196 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. FRANCISCO JAVIER OREIRO IGLESIAS, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE REALE SEGUROS GENERALES S.A., E POR D. JOSÉ JUAN MARTÍNEZ SARIOL, POR DANOS NO VEHÍCULO DA SÚA PROPIEDAD OCASIONADOS AO BATER CONTRA O MESMO UNHA POLA DUNHA ÁRBORE. EXPEDIENTE RESP000010.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. Francisco Javier Oreiro Iglesias e de D. José Juan Martínez Oriol** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 22 de agosto de 2018, o Sr. José Juan Martínez Sariol, con DNI número 76.515.361-L, tiña estacionado o seu vehículo marca Seat, modelo Toledo Stella 1.9 TDI 110, con placas de matrícula C-8225-CD, na Rúa Río Azor, no lugar de Insuela, parroquia de Palmeira, cando de súpeto, unha pola dunha árbore caeu enriba do mesmo, ocasionándolle danos no citado automóbil.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 02/06/2020 co número 5.356, D. Francisco Javier Oreiro Iglesias, en nome e representación de REALE SEGUROS GENERALES S.A. e D. José Juan Martínez Sariol, promoven reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía total de 1.324,31 euros, mais os xuros que legalmente lle correspondan dende a data do sinistro, solicitando o abono da contía de 390,24 euros a favor da entidade REALE SEGUROS GENERALES S.A., e o abono da contía de 934,07 euros a favor do propietario do vehículo, José Juan Martínez Sariol.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación:

- Copia simple da escritura de poder de representación procesual outorgada na data 16/05/2006 por REALE SEGUROS GENERALES, S.A. ante o Notario de Madrid, D. Ángel Almuquera Gómez, número 1.608 de protocolo.
- Copia simple do contrato de seguro Auto Reale e recibo do pago da prima do seguro en vigor á data do sinistro.





- Copia simple do permiso de circulación e tarxeta técnica de inspección do vehículo accidentado.
- Informe emitido pola Policía Local do Concello de Ribeira na data do sinistro.
- Copia simple da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada na data 26/09/2018 fronte á Demarcación de Costas do Estado.
- Copia simple de fotografías da zona na que ocorreu o accidente.
- Copia simple do informe emitido na data 31/10/2018 pola zona de vixilancia de Barbanza Norte.
- Copia simple da resolución ditada na data 25/11/2019 pola Secretaría Xeral Técnica do Ministerio para a Transición Ecolóxica, pola que non se admite a reclamación presentada por incompetencia do citado Ministerio.
- Copia simple de informe pericial dos danos do vehículo.
- Copia simple da factura de reparación dos danos emitida por Gonzacar S.L.
- Copia simple de xustificante do abono da contía de 390,24 euros realizada pola entidade Reale Seguros ao taller de reparación Gonzacar S.L.
- Copia simple da factura de reparación correspondente ao propietario do vehículo emitida por Gonzacar S.L.
- Copia simple de varias fotografías do vehículo accidentado.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe da Policía Local emitido na data 28/08/2018 e informe emitido na data 02/11/2020 pola enxeñeira municipal. Ámbolos dous informes forman parte do expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial RP/17/2019, incoado a instancia de D. Enrique Manuel Buela Casal polos mesmos feitos polos que aquí se reclama.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos



FIRMANTE - FECHA





públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, e no concernente ós aspectos formais do expediente, de entrada pode suscitar certa dúbida o relativo ó prazo no que a reclamación foi formulada. En efecto, á vista do expediente observamos que o accidente que motivou o dano que da pé á formulación da presente reclamación ocorreu o día 22/08/2018, sendo este por tanto o *dies ad quo* a ter en conta para os efectos previstos no artigo 67 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando establece para reclamar o prazo dun ano a contar do feito que motiva a reclamación. Pois ben, sucede sen embargo que a reclamación foi presentada ante o Concello de Ribeira o día 02/06/2020, co que, en principio, resultaría sobrepasado o prazo dun ano sinalado e polo tanto o dereito a reclamar estaría prescrito.

Non convén esquecer, non obstante, o criterio *pro actione* que, conforme á doutrina e xurisprudencia dominantes, rexe a materia e que ten, entre outras consecuencias, a de



FIRMANTE - FECHA





que o dito prazo se entenda sempre como de prescripción e non de caducidade polo que será susceptible de interrupción. Tal formulación impón que o prazo de reclamación non se teña que computar necesariamente dende a data na que se produciu o dano, dado que a constancia da existencia de actuacións por parte do interesado tendentes ó esclarecemento dos feitos para restablecer a situación patrimonial alterada polo evento lesivo, interrompe aquel, que deste modo volverá a iniciarse tan só cando as ditas actuacións teñan concluído. En definitiva, cun criterio xenerosamente amplo, como é o que prevalece na actualidade, que atenúa incluso o rigor na apreciación das causas interruptivas, produce a interrupción do prazo de prescripción calquera actuación do prexudicado, en estrita relación cos feitos polos que se reclama, tanto na orde administrativa como xurisdiccional, que evidencia a súa inequívoca intención de manter viva a acción de reclamación fronte á Administración autora do acto polo que reclama.

Así o Consejo de Estado ten declarado que *“el plazo de prescripción de un año para promover la acción de responsabilidad extracontractual de la Administración, debe interpretarse en sentido flexible, antiformalista y favorable al perjudicado, de tal suerte que las actuaciones judiciales interrumpen la prescripción para el ejercicio de la acción de responsabilidad de la Administración, de tal manera que, una vez concluidas las actuaciones judiciales comienza a computarse de nuevo el plazo de un año previsto al efecto.”*

En consonancia co dito, no presente caso, pódese afirmar finalmente que, se ben transcorreu o prazo dun ano dende que o accidente se producira (22/08/2020), dato determinante, en principio, da prescripción da acción que se dirixe fronte á Administración, sen embargo dende a dita data o interesado presentou unha reclamación de responsabilidade patrimonial fronte á Demarcación de Costas do Estado en Galicia, na crenza, que logo resultou errónea, de que esta Administración era a titular do lugar no que se atopaba a árbore que danou o vehículo e que polo tanto debía coñecer da reclamación. **Sendo así que a Administración estatal resolveu a reclamación en data 25/11/2019 (non consta a data da notificación da resolución) e que a reclamación obxecto deste expediente se presentou ante o Concello de Ribeira na data 02/06/2020, debemos entender que esta se presenta dentro de prazo.**

Por outra banda, e **segundo consta na documentación que forma parte deste expediente, o Sr. Martínez Sariol é o titular do vehículo á data do sinistro, polo que ostenta lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.**

En relación á entidade aseguradora **REALE SEGUROS GENERALES S.A. ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao asumir a mesma o custe de reparación dos danos**, como así consta no expediente coa factura que se achega, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *“El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización”*.

Actúa representada por Francisco Javier Oreiro Iglesias, que acredita debidamente a súa representación mediante copia da escritura escritura de poder de representación procesal outorgada na data 16/05/2006 por REALE SEGUROS GENERALES, S.A. ante o Notario de Madrid, D. Ángel Almoquera Gómez, número 1.608 de protocolo.

Segundo o informe emitido na data 02/11/2020 pola enxeñeira municipal, a zona na que tivo lugar o accidente é de titularidade municipal, polo que a lexitimación pasiva,





pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como así se desprende do informe pericial dos danos e das facturas de reparación daquel que o reclamante achega coa súa reclamación.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexos de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, **consta acreditada a relación causal dos danos no vehículo co deficiente funcionamento do servizo público viario.** Así, e estes efectos, **a Policía Local no seu informe emitido na data 28/08/2018 afirma:** *“1.- Que sobre las 19:20 horas del día 22 de agosto de 2018 se recibió una llamada telefónica en la sala de la Policía local comunicándonos que en el lugar de Insuela-Palmeira a la altura de la antigua fábrica de había caído una rama de un eucalipto sobre dos vehículos que se encontraban estacionados y que había causado daños a los mismos por lo que solicitaban la presencia de una patrulla de la Policía Local. Personados los agentes actuantes en el lugar pudieron comprobar la veracidad de los hechos denunciados, donde se observa una gran rama de un eucalipto que ha caído sobre dos vehículos que se encuentran estacionados. Acto seguido nos ponemos en contacto con la Sala para que avise al servicio municipal de Emergencias (GAEM), para que procedan a retirar la rama de los vehículos y poder comprobar los daños en los mismos. (...) El vehículo (...) matrícula C-8225-CD presenta daños en su lateral izquierdo afectando a las siguientes partes: rotura del cristal de la luna delantera, abolladura de la aleta delantera lado izquierdo, abolladuras y ralladuras en puertas delanteras y trasera también se observan ralladuras en techo y en la aleta posterior izquierda. (Se adjunta informe fotográfico de los mismos. Se realiza una inspección ocular dando el siguiente resultado; en primer lugar hacemos constar que esta vía pertenece a la red local (calle Río Azor nº 94 en la parroquia de Palmeira) cuya titularidad pertenece al Concello de Ribeira. Los vehículos se encontraban estacionados en batería en el margen izquierdo de la calle Río Azor sentido hacia Insuela, en la misma zona de estacionamiento hay varios eucaliptos de grande dimensiones dentro de la zona de estacionamiento (...).”*

En canto á titularidade da zona na que se asentan os eucaliptos, a enxeñeira municipal, no seu informe emitido na data 02/11/2020, deixa claro que é municipal: *“La zona en la que tuvo lugar el accidente, es una zona de estacionamiento de vehículos que pertenece a la calle Río Azor, de la parroquia de Palmeira. Tanto la zona de estacionamiento como la dotación de aceras de la citada calle fue realizada por el Ayuntamiento de Ribeira, siendo por tanto esta Administración municipal, la titular de la zona, así como la administración competente para su mantenimiento y conservación. Dentro de la zona de estacionamiento se sitúan varios eucaliptos de grandes dimensiones (...). Tal y como se pudo comprobar en este departamento, la zona de estacionamiento referida está dentro de la zona de servidumbre de protección y linda con una finca de uso*





forestal con la siguiente referencia catastral 15074A835000010000ZI, cuyo titular catastral es José Crusat Pardiñas."

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a negligencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Seat Toledo, matrícula C-8225-CD, propiedade de José Juan Martínez Sariol.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 22/01/2021, e visto o informe emitido polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 22/01/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Francisco Javier Oreiro Iglesias, en nome e representación de REALE SEGUROS GENERALES S.A. e por D. José Juan Martínez Sariol, na contía total de 1.324,31 euros, máis os xuros que legalmente lle correspondan, dos que 390,24 euros deberán ser abonados a favor da entidade REALE, e os restantes 934,07 euros deberán abonarse ó Sr. Martínez Sariol.

O abono da referida contía farase da seguinte forma: o Concello de Ribeira abonará 150 euros, que é a contía da franquicia existente na póliza subscrita coa entidade Mapfre Seguros de Empresas, ó Sr. Martínez Sariol. Mentres que a entidade aseguradora aboará a contía restante, isto é 784,07 euros, ó Sr. Martínez Sariol e 390,24 euros á entidade REALE SEGUROS GENERALES S.A., máis os xuros que legalmente lle correspondan.

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito remitido pola **Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Sanidade**, de data 27/01/2021 (Rexistro de entrada nº 1.186), relativo á competencia para a incoación, tramitación e resolución de determinados expedientes sancionadores COVID-19 relacionados cos pechos perimetrais.

SOLICITUDES DE SUBVENCIÓNS

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández**, de data 25/01/2021, en relación á publicación das Bases Reguladoras do programa FO206/2021 de subvencións a Concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal





técnico nos Servizos municipais de cultura en 2021. (BOP nº 5, de 11 de xaneiro de 2021).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa “subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico nos servizos de cultura en 2021” para a praza correspondente ao Programador de Exposicións (persoal técnico en xestión cultural, grupo II).
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se solicitan.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida, así como declarar o compromiso de utilización da lingua galega na realización e desenvolvemento dos proxectos e actividades organizadas.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUITA DE TERREOS NO LUGAR DE LISTRES DE ABAIXO, PARROQUIA DE AGUIÑO, A INSTANCIA DA ENTIDADE “CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014, S.L.”

En relación ao asunto de referencia, e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/09/2019, Emilio José Domínguez Rodríguez, con DNI número 52936269K, en nome e representación da entidade “CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014, S.L.”, con CIF número B70436605, comunica ao Concello de Ribeira a vontade do seu representado de ceder gratuitamente ao Concello de Ribeira o terreo dunha superficie de 107 metros cadrados, a segregarse da parcela coa referencia catastral 9086516MH9098N, sinalada co número 18 da Rúa Castelao, parroquia de Aguiño, co fin de mellorar o servizo aos veciños da contorna, xa que o terreo cedido agregaríase á Rúa Castelao coa que linda polo seu vento Este.





2.- Por Providencia da alcaldía de data 06/11/2019 ordénase dar traslado da referida Providencia aos departamentos de secretaría e intervención, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente para a aceptación da cesión de referencia.

3.- Desde o departamento de secretaría e servizos xerais, procedeuse a impulsar de oficio o procedemento, recadando a seguinte documentación:

- Copia simple da escritura de rectificación de superficie, autorizada na data 15/12/2015 polo Notario de Ribeira, D^a M^a Covadonga Vázquez López, co número 1.185 de protocolo.
- Copia simple da escritura de constitución da entidade “*Construcciones Sieira 2014, S.L.*”.
- Informe de validación gráfica fronte a parcelario catastral.
- Cartografía catastral do inmovible.

4.- Na data 25/01/2021, o técnico de administración xeral do departamento de urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, emite informe xurídico en relación á viabilidade urbanística da cesión, informando favorablemente a innecesariedade da licenza de segregación para obter a cesión gratuíta do terreo antes referido.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigo 3 e DF 2^a da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Artigos 21.3 e 22.4 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Artigos 1.2.f), 9.1, 10 e 12 do Regulamento de Bens das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986.
- Artigos 618 e seguintes do Código Civil.
- Artigos 4 e 9, e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Artigo 150.6 b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Conforme ao artigo 3 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, de carácter básico segundo a Disposición Final 2^a da citada Lei e, por tanto, aplicable ás entidades locais, o patrimonio das Administracións Públicas está constituído polo conxunto dos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza e o título da súa adquisición ou aquel en virtude do cal lle fosen atribuídos.

Segunda.- O artigo 9.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 do RB atopamos a doazón, que se regula de xeito específico no artigo 12 do RB dispoñendo que: “1. A adquisición de bens a título gratuíto non estará suxeita a restrición algunha. 2. Non obstante, si a adquisición levava anexa algunha condición ou modalidade onerosa, só poderán aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do





gravame imposto non excede do valor do que se adquire. 3. A aceptación de herdanzas entenderase a beneficio de inventario.”

Terceira.- O artigo 618 do Código Civil (norma do dereito privado á que cómpre acudir de conformidade cos artigos 1. 2 f) do RB e 4 e 9 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público), define a doazón como o acto de liberalidade polo cal unha persoa dispón gratuitamente dunha cousa en favor doutra, que a acepta. Igualmente o artigo 623 do Código Civil (no sucesivo CC) dispón que a doazón perfeccionase dende que o donante coñece a aceptación do donatario, o artigo 629 CC que a doazón non obriga ao donante, nin produce efecto, senón desde a aceptación e o artigo 630 que o donatario debe, so pena de nulidade, acepta-la doazón por si, ou por medio de persoa autorizada con poder especial para o caso, ou con poder xeral e bastante. Destes artigos extraese a conclusión da necesidade de acepta-la doazón e comunicalo á persoa doante.

Cuarta.- En canto á lexitimación, conforme ao artigo 624 CC, poderán facer doazón todos os que poidan contratar e dispoñer dos seus bens e conforme ao artigo 625 CC poderán aceptar doazóns todos os que non estean especialmente incapacitados pola lei para elo.

Quinta.- Respecto á forma da doazón, o artigo 633 CC establece que para que sexa válida a doazón de cousa inmoble, farase en escritura pública, expresándose nela individualmente os bens doados e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario. A aceptación poderá facerse na mesma escritura de doazón ou noutra separada; pero non surtirá efecto se non se fixese en vida do doante. Feita en escritura separada, deberá notificarse a aceptación en forma auténtica ao doante, e anotarase esta dilixencia en ambas escrituras.

Sexta.- De conformidade coa Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, nas entidade locais corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais a comparecencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de 3 millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Corresponde ao Pleno a competencia para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

O exercicio desta competencia é delegable por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

Sétima.- A formalización do expediente requirirá, en todo caso:

- Comunicación do doante por escrito na que acredite a súa personalidade e capacidade de obrar, a súa vontade de doar, o poder outorgado si actúa mediante representación e a titularidade sobre o doado.
- Aceptación por parte do Concello mediante acordo do órgano competente.
- Notificación do acordo de aceptación ao doante.





- Elevación da doazón a escritura pública.

Oitava.- No presente caso, trátase da cesión gratuíta dun terreo para a súa agregación á Rúa Castelao, co fin de mellorar os servizos ós veciños da contorna, que forma parte da finca que se describe a continuación, resultando determinado o obxecto do contrato, así como a capacidade de obrar do contratista e a súa vontade de doar, acreditada, esta última, no escrito presentado no Concello, e a súa personalidade e capacidade de obrar na documentación que consta no expediente:

- *Descrición: "URBANA.- "LOMBO", a solar, sinalada co número 18 da Rúa Castelao, parroquia de Aguiño, municipio de Ribeira, de 809 metros cadrados; que linda: Norte, de María Luisa Dios Paz e, en parte, de Roberto Rey Paz e mais; Sur, de Manuel Pérez Parada; Este, Rúa Castelao e, en parte, de Roberto Rey Paz e mais; e Oeste, de Ramón Soneira Torres e de José Parada Gago.*
- *Propietarios: "CONTRUCCIONES SIEIRA 2014, S.L.", con CIF número B-70436605. Constituída mediante escritura autorizada polo Notario de Santiago de Compostela, D. Marcelino Estévez Fernández, o 18/12/2014, co número 1.798 de orde, inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela, ao folio 47 do Tomo 242, Libro 0, folia SC-47541, inscrición 1ª.*
- *Título: Foi aportada á sociedade por D. Manuel Sieira Sampedro e a súa esposa Dª Manuela Pérez Gude, na escritura de aumento de capital, autorizada polo Notario de Santiago de Compostela, D. Marcelino Estévez Fernández, o 30/12/2014, co número 1.869 de orde.*
- *Inscrición: Non temos datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.*
- *Referencia Catastral: 9086516MH9098N.*
- *Cargas: Non consta a súa existencia.*
- *Superficie de cesión: 107 metros cadrados.*

De conformidade coa documentación obrante no expediente, en principio sería necesario que polo órgano municipal competente, se autorice unha previa segregación da parcela obxecto de cesión. Sen embargo, en informe emitido na data 25/01/2021 polo técnico de administración xeral adscrito ao departamento de urbanismo, infórmase favorablemente a innecesiedade da licenza de segregación para obter a cesión gratuíta do terreo da parcela sinalada co número 18 da Rúa Castelao, na parroquia de Aguiño, para a súa agregación á Rúa Castelao, de conformidade, entre outros, ao artigo 150.6 b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que dispón: "Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o Concello declare a súa innecesiedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de: a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación; b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas; c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe."

En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición do terreo a título gratuíta, o artigo 12 do RB soamente esixe previo expediente para o caso de que a adquisición levase anexa algunha condición ou modalidade onerosa. Enténdese que non se considerará como un gravame, aos efectos do artigo 12.2 do RB, as inversións que teña que realizar o Concello para dar o destino de uso xeral ou servizo público ao ben que se adquire.

De conformidade coa DA 2ª da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, o órgano competente para acordar a súa adquisición é o Alcalde, ao tratarse



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210624961
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 05/02/2021	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 05/02/2021	Fecha: 05/02/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/02/2021 12:34:23		Hora: 12:32





dunha adquisición gratuíta, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, asinado na data 17/06/2019.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 25/01/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Declarar a innecesariedade da licenza de segregación para obter a cesión gratuíta do terreo da parcela sinalada co número 18 da Rúa Castelao, parroquia de Aguiño, do municipio de Ribeira, para a súa agregación á Rúa Castelao, resultando finalmente do seguinte modo:

- *PARCELA sinalada co número 18 da Rúa Castelao, parroquia de Aguiño, municipio de Ribeira, propiedade da mercantil "CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L.", con referencia catastral 9086516MH9098N, que de acordo coas escrituras de propiedade e documentación catastral conta cunha superficie de 809 metros cadrados.*
- *SUPERFICIE DE CESIÓN GRATUÍTA: 107 metros cadrados, que presenta os seguintes lindeiros: Norte, resto da finca matriz; Sur, de Manuel Pérez Parada; Este, rúa Castelao; e Oeste, resto da finca matriz.*

Tras a segregación, a finca matriz diminúe a súa superficie en 107 metros cadrados, quedando unha finca de 702 metros cadrados.

Segundo.- Aceptar a cesión gratuíta que fai ao Concello de Ribeira a mercantil "CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014, S.L." do seguinte inmovible: "Parcela na rúa Castelao, dunha superficie de 107 metros cadrados que se corresponden coa parcela de referencia catastral 9086516MH9098N, e que linda: Norte, resto da finca matriz; Sur, de Manuel Pérez Parada; Este, rúa Castelao; e Oeste, resto da finca matriz."

A referida parcela agrégase á rúa Castelao para a súa ampliación.

Terceiro.- Incorporar o ben adquirido ao libro do Inventario Municipal, dentro do epígrafe que corresponda segundo a súa natureza.

Cuarto.- Facultar ao Sr. Alcalde para que en nome e representación do Concello subscriba o documento de formalización da cesión do referido ben inmovible a favor do Concello de Ribeira, que deberá elevarse, á súa vez, a escritura pública e comunicarse ao Rexistro da Propiedade de Noia.

Quinto.- Os gastos e impostos derivados desta doazón serán asumidos por unha ou outra parte segundo corresponda por Lei.

Sexto.- Calquera cuestión litixiosa que poida xurdir que afecte á propiedade en si do ben, dilucidarase ante a xurisdición civil.





Sétimo.- Notificar o presente acordo á entidade donante, agradecéndolle a doazón efectuada e significándolle que deberá comparecer no momento en que sexa emprazada para proceder a elevar a escritura pública a adquisición referida.

CONCESION DE PREMIOS AOS GAÑADORES DO CONCURSO DE NADAL 2020-2021 NA MODALIDADE DE DECORACIÓN DE LOCAIS HOSTALEIROS E DECORACIÓN DE ESCAPARATES.

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Cultura**, María José Sampedro Fernández, de data 20/01/2021, relativa á concesion de premios aos gañadores do Concurso de Nadal 2020-2021 na modalidade de decoración de locais hostaleiros e decoración de escaparates.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

a) **Aprobar** a concesión dos tres premios aos gañadores na modalidade de **decoración hostaleira:**

	Nome establecemento	Nome e apelidos participante	Nº de GÚSTAME	Importe
1º PREMIO	Pizzería D'Vicio	Alberto Barral Agraso	434	300,00 €
2º PREMIO	Vinoteca Abuela Gloria	David Fernández Fernández	253	200,00 €
3º PREMIO	Bar Snack	Carmen Acevedo Seráns	190	100,00 €

b) **Aprobar** a concesión dos tres premios aos gañadores na modalidade de **decoración de escaparates:**

	Nome establecemento	Nome e apelidos participante	Nº de GÚSTAME	Importe
1º PREMIO	La Urbana Store	Álvaro Muñiz Ventoso	1167	300,00 €
2º PREMIO	Alba Santos	Alba Santos Romay	1090	200,00 €
3º PREMIO	A Tenda de San Martiño	Sandra Villanustre Lapidó	432	100,00 €

c) **Aprobar** o inicio do trámite para abonar os correspondentes premios económicos

ACORDO DE SUBSANACIÓN DE ERRO; RESOLUCIÓN E PAGAMENTO DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA ALUMNOS/AS DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E CONCERTADOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO E CICLO FORMATIVO DE GRADO MEDIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL SITUADOS NO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA – CURSO 2020-2021.

VISTA a proposta (Acta 4) da Comisión Avaliadora para a concesión de axudas para a adquisición de equipos informáticos para alumnos/as dos centros docentes públicos e concertados de educación primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclo formativo de





grado medio de formación profesional situados no termo municipal do Concello de Ribeira – Curso 2020-2021, de data 26/01/2020, na que expón:

Conforme ao acordo da Xunta de Goberno Local do 24 de setembro de 2020, polo que se convocan axudas para a adquisición de equipos informáticos para alumnos dos centros docentes situados no Concello de Ribeira, para o curso 202-2021, reúnense na Casa do Concello de Ribeira, ás doce horas do día 26 de xaneiro de 2021, a Comisión avaliadora coa finalidade da revisión dunha xustificación presentadas ao abeiro da citada convocatoria.

Vista a reclamación de pagamento de axuda presentada pola persoa titular do expediente BSEI000021 o día 21 de xaneiro de 2021, alegando a presentación da xustificación o día 1 de decembro de 2020.

Comprobado que a xustificación foi efectivamente presentada o día 1 de decembro.

Vista a acta nº 3 de 16/12/2020, na que se propoñía o pagamento das axudas para a adquisición de equipos informáticos para os/as alumnos/as de centros docentes públicos e concertados, de educación primaria e secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclo formativo de grado medio de formación profesional con enderezo en Ribeira, para o curso 2020-2021, aos expedientes que tiveran xustificado correctamente a adquisición do equipo informático, así como a como a exclusión como beneficiarios das axudas aos solicitantes que non presentaron xustificación acreditativa de adquisición.

Visto que a xustificación do expediente BSEI000021 non foi incluída na acta nº 3 desta comisión.

Revisada a dita xustificación pola comisión avaliadora, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar o pagamento da axuda para a adquisición de equipos informáticos para os/as alumnos/as de centros docentes públicos e concertados, de educación primaria e secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclo formativo de grado medio de formación profesional con enderezo en Ribeira, para o curso 2020-2021, ao expediente co seu correspondente número de rexistro que se recolle na seguinte táboa, xunto co importe a recibir:

LIÑA 1		
REXISTRO DE ENTRADA	EXPEDIENTE	IMPORTE DA AXUDA
13211	BSEI000021	€150

O pagamento desta axuda realizarase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta do representante da unidade de convivencia familiar e solicitante da axuda sinalada ao efecto.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

